Boletín
Universidade LABORAL

abril 2016
nº 2

boletin@ulaboral.eu

CONTIDOS

Actividades realizadas..... 2
Coñece o teu centro 15
Experiencias escolares..... 17
Premios e recoñecementos 18
Eventos e Exposicións 19
Perfís. Alumnos 2º F.P. 21
Tempo de lecer 28

CONCURSO DEBUXO "50 ANIVERSARIO"

No ano 2014 celebramos o 50 aniversario da Universidade Laboral (1964-2014) e para conmemoralo organizamos un concurso de Debuxo, no que Pedro Vidal foi o gañador. Na primeira imaxe vese o debuxo sen rematar e en grande o resultado final, unha imaxe retrospectiva da Laboral.

Pedro Vidal Camba
2º C.S. Proxectos

CHARLAS SOBRE OS TRASTORNOS DA CONDUCTA ALIMENTARIA. (TCA)

Os días 27 e 29 de outubro impartíronse no noso centro unhas charlas, para o alumnado de 1º de BAC, sobre os Trastornos de Conduta Alimentaria (TCA). A actividade foi dirixida pola **psicóloga María Blanco Suárez,** da **Asociación de Bulimia e Anorexia da Coruña (ABAC)**.

Os TCA poden ser un problema importante na adolescencia. En España calcúlase que entre o 5 e o 6% dos rapaces padecen un TCA. A Organización Mundial da Saúde advírtenos que a idade de inicio do trastorno diminúe alarmantemente, afectando cada vez máis aos nenos, e que tamén, ao mesmo tempo, está aumentando nos adultos. Dadas as dimensións do problema, cada vez faise máis importante previr este tipo de trastornos, así como aprender a detectalos.

Despois de realizada a actividade, os alumnos de 1º D, Sara Formoso Sande, Raúl Román García e Claudia Mosquera Santamariña, tiveron a oportunidade de entrevistar á poñente.

Raúl: Que te motivou para elixir a carreira de psicoloxía?

Ao principio estudaba matemáticas, pero o que realmente me gustaba era axudar aos demais, a anatomía... Así que elixín cambiar a psicoloxía.

Sara: Como tedes a certeza de que un TCA vén sempre derivado dunha situación persoal dificultosa, e non como un problema principal en si? Con isto refírome a casos de xente que debido ao descontento co seu físico e polas influenzas externas decide cambiar drasticamente a súa alimentación. Non sei se entraría nunha especie de enfermidade mental diferente ou se se segue considerando un trastorno alimenticio.

Un TCA, como vos comentei na charla, vén derivado a maioría das veces, dunha inseguridade sexa cal sexa e dunha dificultade para xestionar as emocións e enfrontarse a situacións vitais estresantes. Na primeira entrevista cun paciente explóranse as razóns polas que o trastorno comezou e séguese mantendo. Nese momento é cando se pode precisar máis ou menos con certa certeza as causas.

Sara: Algo que non acabo de comprender é como se pasa dunha situación de desánimo a contar as calorías inxeridas; é dicir, si entendo que por un problema que te afecte emocionalmente empeces a deixar de ter ganas de comer, comas compulsivamente ou non regules os horarios de comida pero, non comprendo ese momento no que un conscientemente contabiliza todo o que come co propósito de non engordar.

Como vos comentei na charla, os TCA non afectan a todas as persoas por igual. Existe nalgúns casos unha predisposición a telos. O mecanismo de contar calorías ten que ver coa sensación de control. Algo como, se adquiro control na comida por exemplo contando calorías, teño a sensación de que teño control na miña vida.

Claudia: Se unha persoa non admite o problema ou non quere deixarse axudar, deixaríase sen máis ou faríase algún tipo de procedemento para que chegase a aceptar o tratamento?

Tataríase de convencela para que seguise un tratamento de forma voluntaria. Dependendo da gravidade do trastorno poderíanse tomar medidas legais para que esa persoa se someta a un tratamento.

SEMANA BRANCA

Os estudantes de **1º e 2º do C.S. Animación de actividades físicas e deportivas** gozaron dunha espléndida semana na Estación de Grandvalira (Andorra) dende o 16 ate o 23 de xaneiro. A morea de horas que botamos no autobús (15) ata chegar ao Principado pagou moito a pena, xa que, o estado das pistas durante toda a semana foi óptimo para que puidésemos desfrutar de cinco xornadas de esquí inesquecibles.

O desprazamento ata a estación máis grande do Sur de Europa (máis de 200 km esquiables) permite que todos os deportistas poidan mellorar a súa técnica en función do seu nivel, nun entorno que nas estacións máis próximas a Galicia non teríamos.

COMEZO DOS "ENGLISH COFFEE" NA BIBLIOTECA

Xa comezaron as sesións de conversa informal en inglés, nestes primeiros días foron moitos os alumnos e profesores que se achegaron a pasar un bo rato de conversa na lingua de Shakespeare. Se queres participar só tes que pasarte pola biblioteca.

Temos dous grupos, un para os máis avanzados e outro para os máis noveles, os horarios son os martes e mércores de 11:30 a 12:10h e no segundo recreo de 12:10 a 12:30h.

See you soon !

FEBREIRO DE AMOR E POESÍA

AMOR, AMOR.... E POESIA

Todos os días do ano son axeitados para facer unha boa lectura, pero parece que o mes de febreiro ten algo especial.

A Biblioteca para conmemorar o día dos namorados fixo unha selección de libros de historias apaixonadas, tráxicas, clásicas e contemporáneas para recordar este día dos namorados, por iso *O AMOR E DESAMOR* estivo presente en moitos recunchos da biblioteca.

AMOR VINCIT OMNIA

Para recordar que este mes de febreiro adicámolo ao amor, os alumnos de latín e grego de 2º de Bacharelato leron na biblioteca uns poemas de temática amorosa de distintos autores clásicos de Grecia e Roma (Horacio, Catulo, Safo, Arquíloco).

Aínda que os poetas elexidos están lonxe no tempo (dende o século VII a.C ata o século I) resultáronlles moi cercanos aos alumnos, que comprenderon que o sentimento amoroso expresado nestes poemas é atemporal.

LUCÍA ALDAO e MARÍA LADO. Versos, música e humor

Para celebrar este "Febreiro de amor e versos", o día 18 de febreiro tivemos o pracer de contar coa presenza de Lucia Aldao e María Lado na Biblioteca da Laboral.

A este evento poideron acudir algúns alumnos do centro, que disfrutaron de versos de vinganza amorosa, gozaron facendo todos xuntos poesía improvisada e cantando un fermoso fado.

Foi unha experiencia única e impactante.

ALBORADA PARA ROSALÍA. MÚSICA E POESÍA

O pasado 24 de febreiro celebramos a Alborada para Rosalía para conmemorar a data do seu nacemento, na que puidemos escoitar música e poesía. O acto foi organizado polo Departamento e o Equipo de Dinamización de Lingua Galega do Instituto.

A colaboración do alumnado foi decisiva. Como conductores deste festival na honra de Rosalía de Castro estiveron: ***Emma Fernández Muñoz e Rubén Arcay Fraga***

A lectura dos poemas, entresacados de Cantares Gallegos e Follas Novas, correu a cargo de:

Adrián Reiriz Varela, Jorge Longueira López, Marta Pazos Blanco, Ricardo Mourelle Sainz, Uxía Abuelo Veira, Sara Veira Meizoso, Daniel Martínez Veiga e Diego Rios Moledo

Nos intermedios musicais interveu ao piano ***Cristina Bernal Gómez.***

Esperamos que todos os asistente teñan disfrutado co que alí viron e escoitaron, e oxalá que o vindeiro curso poidamos contar con máis participación de alumnos, profesores e resto de persoal do centro.

VISITA A LAS INSTALACIONES DE ALCOA. SEGURIDAD Y SALUD

Los alumnos de 2º del Ciclo Superior de Prevención de Riesgos Profesionales acudimos a Alcoa el pasado día 17 de Febrero del 2016, para ver el proceso de producción de aluminio.

Para este proceso se necesitan 4 toneladas de bauxita (mineral rico en óxido de aluminio), de las cuales se refinan y se consiguen 2 toneladas de alúmina (polvo blanco de óxido de aluminio), a partir de estas 2 toneladas de alúmina podemos obtener 1 tonelada de aluminio.

Una tonelada de aluminio es suficiente para fabricar más de 60.000 latas de refresco, o bien para fabricar 40.000 discos de memoria para ordenadores. El aluminio también está presente en muchas más sectores como en automoción, aviación…

En la visita nos enseñaron el proceso de producción, en el cual la alúmina se convierte en aluminio en un proceso de reducción electrolítica. Se disuelve la alúmina en un baño de criolita dentro de grandes células revestidas de carbono conocidas como cubas electrolíticas que están a unos 900ºC. Cuando pasa una fuerte corriente eléctrica por el baño, el metal aluminio se separa de la solución química y se extrae mediante sifón.

El aluminio procedente de las cubas electrolíticas pasa a hornos para mezclarlo de manera precisa con otros metales para formar diversas aleaciones con propiedades específicas diseñadas para diversos usos. El metal se purifica en un proceso denominado adición de fuente y después se vierte en moldes o se funde directamente en lingotes. Los procesos adicionales pueden ser la fundición en moldes, laminación, forjado, extracción o extrusión.

Agradecemos al grupo Alcoa, a nuestra guía Lorena y a Ricardo, responsable de EHS (Environment, Health & Safety), sus explicaciones y dedicación con todos nosotros.

Ana Domínguez, 2º C.S. Prevención de Riesgos Profesionales

VISITA A LA SALA DE MÁQUINAS. CARREFOUR

En el mes de marzo, los alumnos de 1º y 2º del del Ciclo Superior de Proyectos realizaron una visita al centro comercial del Carrefour situado en Alfonso Molina.

En dicha visita, los alumnos realizaron la visita de las dos salas de máquinas del centro: una de temperatura positiva y la otra de negativa, donde el Jefe de Mantenimiento, D. Gregorio Parra, explicó el funcionamiento general de cada una de ellas, contestando a todas las preguntas planteadas por los visitantes. Además explicó cómo se realiza el aprovechamiento de calor de la instalación para producción de agua caliente sanitaria. Los alumnos pudieron comprobar las diferencias entre esta instalación y la visitada el curso anterior, en el carrefour del centro comercial los rosales. Se pudieron observar los paneles de control de ambas instalaciones.

Posteriormente, explicó el proceso de control y mantenimiento de las instalaciones, tanto de las operaciones rutinarias como el protocolo ante una incidencia.

Finalmente se accedió a dos cámaras: una de conservación y otra de congelación donde se pudieron comprobar los sistemas de seguridad

VISITA A OSMOS

Los alumnos de 2º curso del Ciclo Medio de Instalaciones eléctricas y automáticas y Ciclo Superior de Sistemas electrotécnicos y automatizados acudieron a la empresa OSMOS para realizar unas prácticas y conocer las instalaciones y forma de trabajar de dicha empresa.

Los alumnos realizaron prácticas con equipos de alta tensión, para aplicar las 5 reglas de oro y equipos de medida indirecta para conocer de manera práctica lo aprendido en clase. Posteriormente visitaron el taller donde pudieron ver como se montan los armarios, con lo último en sistemas de protección, medida, control, etc. Agradecer desde aquí un año más a OSMOS su colaboración para que nuestros alumnos salgan mejor formados y puedan conocer de primera mano el mundo laboral, al que pronto accederán.

EXCURSIÓN Á CORUÑA. Alumnos de 1º de Bacharelato A

Se tanto eu como calquera dos meus compañeiros tivesemos que resumir a saída nas mínimas palabras posibles aseguro que estas serían: *inesperadamente entretida*. Esta definición débese a que aínda que todos nós, fumos de boa gana, non esperabamos máis que unha saída meramente cultural como calquera outra, pero para a nosa sorpresa, a excursión fíxose do máis amena e entretida. Pasando a mañá entre o Castelo de San Antón e o Teatro Colón para ver a representación da traxedia clásica de Sófocles *"Electra",* tivemos unha xornada do máis divertida ademáis de cultural e educativa que a fin de contas era a intención inicial de esta.

Joel López Andrés , 1º Bacharelato A

CARNÉ PROFESIONAL. CURSO TRABALLOS EN ALTURA

No mes de febreiro, comezaron os cursos impartidos na Laboral para obter os carnés pofesionais másis demandados polos nosos alumnos. O primeiro deses cursos foi o curso de Traballos en altura, no que participaron uns 35 alumnos do noso centro.

O curso desenvolveuse en dous días, en sesións de catro horas cada día. O primeiro día expuxeronse os contidos de carácter teórico e o segundo realizáronse as prácticas.

Este curso é obrigatorio para traballos en tellados e cubertas, traballos en escaleiras e andamios, traballos en plataformas elevadoras e traballos en estruturas (Enerxías renovables, eléctricas, telecomunicacións, gas, fontanería,…).

O custo do curso foi de 20 euros e os alumnos estiveron moi atentos a tódalas explicacións e aprenderon as técnicas de traballo axeitadas a cada situación concreta.

A UDC NA LABORAL. Presentación do Grao en Maxisterio

O alumnado de 2º de Bacharelato acudiu a un acto de presentación da Facultade de Ciencias da Educación, a cargo da vicedecana Patricia Digón.

Ante o interese mostrado por varios alumnos e alumnas de 2º BAC no **Grao en Maxisterio** (Educación Infantil e Primaria)**, Educación Social e Logopedia,** o Departamento de Orientación do noso centro, organizou o 21 de xaneiro unha xornada a cargo da Facultade de Ciencias de Educación da Universidade da Coruña (UDC).

Nesta xornada os alumnos e alumnas puideron achegarse ao mundo universitario, da man de Patricia Digón, quen lles presentou os estudos que se cursan na Facultade de Ciencias da Educación, os criterios de acceso e as saídas profesionais.

VISITA Á BASE DE SALVAMENTO MARÍTIMO E LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN

O departamento Marítimo – Pesqueira, organizou unha visita extraescolar ó 2 de marzo á BEC, (Base estratéxica de Salvamento Marítimo e loita contra a contaminación da Coruña) para ós alumnos de segundo curso do C.M Navegación e pesca de litoral, C.M Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións, C.S Transporte marítimo e pesca de altura e C.S Técnico Superior en Organización de Mantemento de Maquinaria de Buques e Embarcacións.

Salvamento Marítimo é unha entidade pública dependente do Ministerio de Fomento, conta con un total de 6 Bases Estratéxicas (BEC), donde se almacena e mantén o material de salvamento e loita contra á contaminación, encárgase dos servizos de rescate; e está preparado para poder ser desprazado ao lugar da emerxencia coa maior efectividade posible dando resposta a todas as emerxencias que poidan xurdir no mar.

Os alumnos poideron ver in situ o mantemento, lavado e reparación de equipos para a loita contra a contaminación como barreras de contaminación, equipos de recuperación de hidrocarburos da superficie do mar (skimmers), tanques de almacenamento portátiles, equipos de buceo e de operacións especiais. Poideron ver tamén o ROV Comanche (Vehículo submarino de control remoto) que dispón Salvamento Marítimo para operacións subacuáticas a gran profundidade.

ESTUDAR UN CICLO FORMATIVO. UNHA OPCION DE FUTURO

A tan só unhas semanas de comezar a Selectividade, moitos aínda están en dúbida sobre o seu futuro máis inmediato. Saber con certeza o que queres estudar é difícil, pero tes ás portas unha posibilidade de futuro profesional. Dez razoes polas que continuar a Formación Profesional na Universidade Laboral é unha alternativa a ter moi en conta:

Ampla oferta formativa. No noso centro existen 5 familias profesionais e máis de 20 ciclos formativos de grado medio ou superior.

Estudos máis prácticos. Trabállanse contidos específicos onde prima a aplicación práctica, traballo en talleres, traballo por proxectos e/ou o uso de aplicacións informáticas.

Capacitación profesional. Os estudos de FP, capacitan para traballar nun área profesional determinada. Cun título de Técnico ou Técnico Superior, obtés unha formación suficiente para desempeñar unha profesión.

Aplicación real. Todos os ciclos formativos combinan a formación nas aulas e talleres con formación en centros de traballo (FCT). Existe sempre unha aplicación práctica dos módulos -asignaturas- nunha contorna real.

Continuación de estudos. Cun título de FP de grao medio poderías continuar a túa formación, directamente nun ciclo de grao superior. Este último, permíteche o acceso diferenciado a un grao universitario. Moitas materias de graos universitarios se convalidan directamente ao ter feito un ciclo formativo de grao superior.

Empregabilidade. A inserción laboral dos titulados en FP aumentou en moitos sectores en detrimento dos titulados universitarios.

Centro educativo de calidade. Este é un centro público, con máis de 50 anos de experiencia, con gran prestixio e excelente reputación entre as empresas. Un centro de referencia no conxunto dos centros de formacion profesional de Galicia.

Asequibles. O custo dos ciclos formativos é asequible e moi inferior ás taxas universitarias.

Titulación oficial. A duración de todas as titulacións, incluídas as prácticas profesionais, non supera os dous anos. Permítenos, nun prazo non moi longo, acceder a un primeiro emprego ou reciclarse profesionalmente a través duns estudos regulados.

Diversidade. A formación pódese realizar en réxime ordinario (curso completo) ou modular (módulos independentes), o que permite adaptarse ás necesidades de cada alumno e compatibilizar os estudos con outras actividades ou responsabilidades familiares.

Máis información en: http://ulaboral.eu
http://www.edu.xunta.es/fp/

Se tes curiosidade ou interese por algún ciclo formativo, coméntao có teu titor ou xefatura de estudos e organizaremos unha xornada de información.

CICLOS FORMATIVOS NA UNIVERSIDADE LABORAL

Oferta formativa 2015-16	
Ciclo	**Réxime**
Familia profesional de Electricidade e Electrónica (EE)	
Ciclos de formación básica	
C.B. Electricidade e electrónica	Ordinario
Ciclos de grado medio	
C.M. Instalacións de Telecomunicacións.	Ordinario
C.M. Instalacións eléctricas e automáticas.	Ordinario
Ciclos de grado superior	
C.S. Sistemas electrotécnicos e automatizados	Ordinario
C.S. Mantemento electrónico	Ordinario
C.S. Sistemas de telecomunicación e informáticos.	Persoas adultas Presencial (modular)
Familia profesional de Instalacións e Mantemento (IMA)	
Ciclos de formación básica	
C.B. Fabricación e montaxe	Ordinario
Ciclos de grado medio	
C.M. Instalacións frígorificas e de climatización.	Ordinario
C.M. Instalacións de produción de calor.	Persoas adultas Presencial (modular)
Ciclos de grado superior	
C.S. Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos.	Ordinario
C.S. Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.	Ordinario
C.S. Prevención de Riscos Profesionais.	Ordinario
Familia profesional de Enerxía e auga (ENA)	
Ciclos de grado superior	
C.S. Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.	Ordinario
C.S. Enerxías Renovables	Ordinario
Familia profesional de Actividades Marítimo-Pesqueiras (AMP)	
Ciclos de grado medio	
C.M. Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións.	Ordinario
C.M. Navegación e Pesca de Litoral.	Ordinario
Ciclos de grado superior	
C.S. Transporte marítimo e pesca de altura.	Ordinario
C.S. Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.	Ordinario
Familia profesional de Actividades físicas e deportivas (AFD)	
Ciclos de grado medio	
C.M. de Técnico deportivo en Fútbol (Niveis I e II) (Continuación1) (Continuaciór	Especial
Ciclos de grado superior	
C.S. Animación de actividades físicas e deportivas.	Ordinario
C.S. de Técnico deportivo superior en Fútbol (Nivel III) (Continuación)	Especial

ASPADISOL ponse en forma na Laboral

Os integrantes da Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Oleiros, leva todo o curso desfrutando das actividades físicas que todos os luns lles propoñen os rapaces do 2º de C.S. Animación de actividades físicas e deportivas (TAFAD) nas múltiples instalacións deportivas coas que contamos no noso centro.

Que facemos? Pois todo tipo de actividades físicas como: xogos tradicionais e populares, balonmán, atletismo, aeróbic, fútbol 8, danzas do mundo, relaxación, aquagym,... que en todo momento adaptamos a intensidade do exercicio ás capacidades de cada un.

Que aprenden os nosos alumnos? A verdade é que os estudantes séntense moi orgullosos de poder traballar con este colectivo, pois teñen unha disposición extraordinaria para participar en tódalas actividades que lles preparan cada luns. Sendo, como non, un campo de traballo no que poderán desenrolar as súas competencia profesionais .

PREMIO PROXECTOS FORMACIÓN PROFESIONAL.
Departamentos ENERXÍA E AUGA e INSTALACIÓN E MANTEMENTO

O Proxecto **ADESTRADOR DE REGULACIÓN E CONTROL DAS INSTALACIÓNS SOLARES TÉRMICAS** foi premiado ***na II Convocatoria dos premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional*** en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O desenvolvemento de dito proxecto levarono a cabo profesores dos departamentos de Enerxía e Auga e de Instalación e Mantemento xunto coa empresa SOLARGAL.

No proxecto **ADESTRADOR DE REGULACIÓN E CONTROL DAS INSTALACIÓNS SOLARES TÉRMICAS,** deseñouse e construíse un simulador de regulación e control de instalacións solares térmicas e desenrolouse o manual de uso do simulador e o manual de prácticas do adestrador.

A COPA DO REI DE BALONCESTO. EXPOSTA NA LABORAL

Con motivo da celebración do torneo da Copa do Rei en A Coruña do 18 ao 21 de febreiro, a ACB tivo exposto o trofeo en varios lugares, sendo A Universidade Laboral de Culleredo o primeiro lugar de Galicia en gozar da súa presenza.

O martes 26 de xaneiro, tivemos o pracer de ter a Copa do Rey de Baloncesto no vestíbulo do noso centro pola mañá e pola tarde e foron moitos os alumnos e traballadores do centro que aproveitaron para facerse unha fotografía co trofeo, que finalmente logrou o Real Madrid o conseguir o triunfo nunha desputada final frente o Gran Canaria.

No photocall habilitado, moitos quixeron inmortalizar este momento

IES Universidade Laboral no CONGRESO INNOVA FP GALICIA

Presentación do I.E.S. Universidade Laboral no congreso INNOVA FP GALICIA que se desenvolveu na Cidade da Cultura o pasado 24 e 25 de febreiro e, no que os Departamentos de Instalación e Mantemento e Enerxía e Auga, expuxeron parte dos proxectos de innovación nos que participaron nos últimos anos.

Proxecto Satma

Proxecto desenvolvido en tres linguas nun entorno web no que se presenta un simulador de adestramento en técnicas de mantemento de aeroxeradores. Foi realizado polo profesorado do Departamento de Enerxía e Auga do noso IES en colaboración co Parque Eólico Experimental de Sotavento e coa empresa Engasoft. Pódese visitar en satmawind.com ou contactar en satma@ulaboral.eu

Proxecto Apeia

Desenvolvido polo Departamento de Enerxía e Auga do noso IES contando coa colaboración do Departamento de Edificación e Obra Civil do CIFP Someso e diversas empresas relacionadas co ámbito da Enxeñaría e a Arquitectura.

O produto que se obtén deste proxecto é unha publicación na que se analiza a estanquidade dos edificios e as perdas enerxéticas dos mesmos debidas ás infiltracións de aire. A publicación estará dispoñible en papel e máis en pdf e pódese solicitar en apeia@ulaboral.eu

Bomba de calor solar

Deseño e fabricación dunha bomba de calor que aproveita a radiación solar para obter unha eficiencia ou COP mellorado. Desenvolvido polo noso IES e contando coa colaboración do IES de Fene. Coordinado por profesorado do Departamento de Instalación e Mantemento.

innova FP Galicia
CONGRESO DE INNOVACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Ciclos de Grao Medio e Superior. RUMBO Á "FCT"

Un ano máis nestas datas, o alumnado de segundo dos Ciclos Formativos de Grado medio e Superior emprenden unha nova etapa na súa formación e deben realizar a Formación práctica en Centros de Traballo (FCT).

Que é a FCT?

Trátase dun Módulo de carácter obrigatorio en todos os ciclos formativos. Son prácticas de carácter non laboral que se desenvolven nun ámbito produtivo real, con contidos consistentes na realización de actividades produtivas propias do perfil profesional. A FCT é indispensable para a obtención do título académico.

Neste curso o noso centro colabora con máis de duascentas empresas no territorio nacional, así mesmo varios alumnos realizarán as prácticas no extranxeiro.

ERASMUS + 15/16

Como en anos anteriores, varios alumnos do noso IES van realizar prácticas en empresas dun país estranxeiro, nesta ocasión dous estudantes, Francisco e Anxo, do CS en Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica realizan unha mobilidade de dous meses e medio en Dinamarca. Tamén se realizan dúas mobilidades a Irlanda, e os beneficiarios son Santiago, do CS en Enerxías Renovables e Cristian do CS en Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica.

Aínda queda unha praza libre para poder realizar este tipo de mobilidade, así que se algún estudante de segundo curso de Ciclo Superior de Formación Profesional quere realizar a FCT cunha axuda Erasmus + no mes de outubro, pode indicarllo ao seu titor.

C.S. PREVENCIÓN RISCOS PROFESIONAIS

Eduardo Vázquez, Darío Ledo, Adriana Gómez, Beatriz Tacón, Juanjo García, Ana Díaz, Vanesa Gacio, Tamara Cartelle, Juan Castaño, Daniel Suárez, Victor Lourenzo, Elisa Fernández, Lorena Rial, Cristina Acebo, Lucía Álvarez, Ana Domínguez e Arnold Vargas

C.S. ENERXIAS RENOVABLES



C.S. MANTEMENTO ELECTRÓNICO

De esquerda a dereita:

Iago Castro, Pablo Ruiz, Julián Menendez, Victor Quintana, Aland Edreira, Gabriel Eiroa, Daniel Formoso, Diego louro, Marcos Bocija

C.S. EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍA SOLAR TÉRMICA

Lydia Amor Muñoz, Michael Caamano Lema, Roberto Canosa Insua, Francisco Manuel Dieguez Barreiro, Emma García Bregua, Fernando Lago Pena, María Pedreira Castro, Cristian Romero Fungueiriño, Ángel Valeiras Prada, Samuel Vázquez Loureiro e Francisco Villasuso Rodríguez

C.S. DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS E DE FLUÍDOS

De esquerda a dereita e de enriba cara abaixo:

Carlos Souto, Jorge Meijide, Oscar Patao, Diego Armada,Carlos Barallobre, Jonathan Zas, Brais Rodríguez, Miguel Lantes, Francisco Fernández, Alexandre Mandayo, Pedro Rey, Daniel Calvo, Roberto Lado, Celia Blanco, Patricia Bahamonde e David González

C.M. INSTALACIÓNS FRÍGORIFICAS E DE CLIMATIZACIÓN

De esquerda a dereita e de diante a atrás:

Román Almoyna Sánchez, Luis Manuel Álvarez López, José Balado Ferreiro, Issa Diawara, Adrián Grille Lema, José Manuel Fuentes Botana, Jesús Manuel Liñares Fraga, Jorge Pérez García, Darío Riveiro López, Luis Rodríguez Senra e Marcos Vázquez Agra.

C.S. MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS E DE FLUÍDOS

Eloy Bravo, Nicolás Cortiñas, José Carlos Dobarrio, Iván Fernández, Xosé Ignacio Golpe, Alexander Gómez, Carlos López, Alejandro Lorenzo, Santiago Louzán, Sergio Núñez, Martín Otero, Anxo Pallas, Borja Tomás Pallas, Brais Patiño, Brais Rodríguez, Santiago Varela e Adrián Varela

C.S. ORGANIZACIÓN DO MANTEMENTO DE MAQUINARIA DE BUQUES E EMBARCACIÓNS



De esquerda a dereita:

Gonzalo Santos Reigía, Sergio Ferreira Lamela, Sergio Mariño Valencia, Manuel Fernández Cambeiro, David Vicente Rodríguez, Daniel Subiela Barreiro, Aitor Varela Lema, Carlos Chenlo Mollinedo, Ricardo Souto Ces, Alberto Varela Otero, Brais Casas Roldó e Manuel Antonio Vargas Cusi

CM MANTEMENTO E CONTROL DE MÁQUINAS DE BUQUES E EMBARCACIÓNS

Iván Barcia Pensado, Ramón Basanta Borrajo, Jacobo García Botana, Angel Herrera Fernández, José Manuel Martínez Quelle, Miguel Núñez Gude, Ignacio Sanchez Prieto e Daniel Suárez Blanco.

F.P. BÁSICA FABRICACIÓN E MONTAXE

F.P. BÁSICA ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

De esquerda a dereita:

Freiddy José Asencio Candelario, Gabriel Fuentes Cotelo, Kelvin Lugo, Alejandro López Valdés , Vladyslav Voloshko e Iván Sánchez García

QUÉ PASA DESPOIS DA FCT?

Cada quen ten uns obxetivos diferentes cando fai un ciclo de formación profesional, pero o fin do ciclo chega despois de superar a FCT.

Unha das opcións despois de rematar a FCT é que o centro no que realizamos as prácticas, se queda satisfeito do traballo realizado opte por **contratarnos.** Isto esixe moita responsabilidade, unha boa preparación e unha imaxe seria. Ilusión e compromiso son algunhas das claves para acadar este obxetivo.

Parte do alumnado opta por **continuar a súa formación**. Quen remata un ciclo superior pode optar por realizar un Grado Universitario ou completar a súa formación con outro ciclo profesional.

O próximo curso, **o alumnado que remate un Ciclo Medio e desexe continuar a súa formación, terá acceso directo a un Ciclo de Grao Superior sen necesidade de facer as probas de acceso aos Ciclos Superiores,** algo que non era habitual ata o momento. Tamén pode acceder a Bachiller ou a outro ciclo de grao medio.

STUDENTS RECOMMEND ...

MOVIES



The Wolf of Wall Street is based on a memoir by the stockbroker Jordan Belfort, who founded the investment firm Stratton Oakmont in an abandoned Long Island garage, and spent much of the Nineties swindling his way to an enormous personal fortune.

Some of that money went towards funding the kind of social life that might have made Caligula's hair fall out, although the party finally came to an end in 1998, when Belfort was indicted by the FBI for securities fraud and money-laundering.

Scorsese shows us this, but he's mostly concerned with Belfort's fast and cynical route to the top, and the near-limitless supplies of girls and drugs he finds there. A typical week at Stratton Oakmont involves dwarf-tossing, naked marching bands, and a spectacle Belfort describes as a "stripper stampede".

Andrés Novo Valencia
1º Bacharelato

This movie is of 2010, his director is Paul Haggis and his protagonists are Russell Crowe, Elizabeth Banks, Liam Neeson, Olivia Wilde and Daniel Stern.

The movie talks about the life of John Brennan which life was wonderful until her wife Laura Brennan was arrested for a murder that she didn't. In the next years John tried to prove her innocence but he failed and the only way that he thoughts that he could help her wife was help her to escaped from jail. John made an escaped plan risking his life to save the woman he loves.

I loved this movie in the moment I started to see it. From my point of view is fantastic because this movie makes you feel the stress of John in moments so stressful for a normal person and you can see the love that John have for Laura trying to help her in every way and is very cute and lovely, at least for me.

Mª Cristina Maceiras Sánchez
1º Bacharelato

LOS ALUMNOS RECOMIENDAN...

LIBROS



"Watchmen".
Autor: Alan Moore

Una de las obras maestras de Alan Moore junto a V de Vendetta.

Leer este cómic es toda una experiencia, que te atrapa. Un mundo barrido por la corrupción del sistema y por la oscuridad del poder, en el que te adentras de la mano de un grupo de superhéroes, que se mostraran de una manera más humana, donde irán surgiendo una serie de conflictos morales y personales ante esta situación.

Una obra de ficción que no se aleja en muchas cosas de la realidad que vivimos hoy en día.

Brais Patiño Chao
2º C.S. Mantemento de Instalacións Térmicas



"Eragon"
Autor: Christopher Paolini

El libro que yo recomendaría sería Eragon. Lo recomiendo para pasar el rato o liberarse del estrés y preocupaciones, además al ser el primer libro de una colección, te puedes entretener mucho.

Eragon trata sobre la vida del protagonista, que comienza siendo un pobre campesino que cazando se encuentra un huevo y se convierte en "jinete". Despues junto con un amigo suyo huyen de los Ra`zak y más tarde se unirán a los Vardenos. Volviendo los rebeldes en contra del imperio que oprime al pueblo.

En mi opinión **si os gustan los dragones, magia, elfos y enanos, guerra o similar, éste es vuestro libro.**

Miguel Fernández Carnota
2º Bacharelato

LES ÉLÈVES VOUS RECOMMANDENT ...

UN BOUQUIN

Titre : Qui es-tu Alaska ?
Auteur : Green, John (États-Unis, 1977)

Auteur et titre :

John Green est connu pour avoir publié « *Nos étoiles contraires »,* pourtant je vous présente ici mon préféré : «*Qui est-tu Alaska ?* » où ce jeune écrivain américain nous parle d'une histoire d'amour mais assez différente.

L'histoire :

Miles Halter a seize ans, n'a pas l'impression d'avoir vécu et décide de partir au pensionnat de Culver Creek pour retrouver du sens à sa vie. Il y connaît un groupe de jeunes singuliers et ils deviennent amis par la suite. Mais ce sera Alaska Young celle qui obtiendra le réveil des émotions de Miles.

Avis personnel :

L'une des choses qui me plaît le plus c'est le changement souffert par le protagoniste car les événements subiront un tour inespéré qui modifiera le déroulement de l'histoire.
Si tu aimes les récits d'aventures curieuses qui font réfléchir et penser, j'aimerais que tu plonges dans cette captivante lecture.

Alba Bello Nicolini
2º Bacharelato

UN FILM



Titre : Intouchables
Réalisateurs: Olivier Nakache et Éric Toledano

Nous avons adoré ce film parce qu'il s'agit d'un film tragique et comique en même temps. Driss, un jeune homme d'origine sénégalaise qui habite en banlieue parisienne avec sa mère dans un petit appartement, surpeuplé d'enfants et qui aide, comme auxiliaire, une personne riche et tétraplégique dans un autre logis.

Driss (l'assistant), n'a pas de formation et il est engagé par le riche Philippe grâce à sa personnalité et ses réactions spontanées mais son passé reste un peu obscur parce qu'il vient de purger une peine de six mois de prison.

Pendant tout le film, on nous montre le rapport entre eux à travers plusieurs situations drôles et les convergences des personnes qu'apparemment ont une provenance si diverse.

Nous trouvons que les anecdotes sont géniales et assez bien construites pour attirer les spectateurs et aller s'amuser au cinéma.

Marta Pazos Blanco et Fernando Soto Barrientos
2º Bacharelato

OS PROFES RECOMENDAN...

UNHA PELÍCULA

Pequeña Miss Sunshine

Directores: Jonathan Dayton, Valerie Faris (USA, 2006)

"Pequeña Miss Sunshine" conta a viaxe que fixeron os Hoover dende o seu fogar en Albuquerque ata California, para levar á filla a un concurso de beleza infantil.

O caso é que os Hoover non son, nin moito menos, o que poderíamos chamar unha familia convencional, polo menos dende un punto de vista tradicional, senón que cada un dos seus membros ten algunha peculiaridade que fai desta familia un conxunto único: ao avó o botaron do asilo por consumir heroína... o tío tentou suicidarse despois de que o deixara o seu noivo... o fillo adolescente fixo voto de silencio (e non por motivos relixiosos...)... o pai fracasa no intento de vender o seu "Método de nove pasos para triunfar"... a filla, que aínda é unha nena, quere ser raíña da beleza... e a nai, como todas as nais, tenta manter un certo equilibrio nesa peculiar familia, pero o certo é que semella non dar abasto...

Así que cando a filla é aceptada para participar no concurso de beleza "Little Miss Sunshine", velaí van todos na súa vella volkswagen, nunha aloucada viaxe na que tráxico e cómico conviven a través das mais disparatadas situacións... en fin, unha viaxe que vos aseguro que non deixa indiferente, nin aos Hoover nin ao espectador...

Emilio Vázquez Rodríguez , Profesor de FOL

UN LIBRO

"Así empieza lo malo"

"Así comeza o malo e o peor queda atrás" é a cita shakesperiana que inspirou (como é habitual nel) a Javier Marías para dar título á súa última novela. Nesta obra, o escritor (cuxa calidade literaria é extraordinaria e indiscutible) volve revisar e analizar cunha lucidez envexable, algúns dos temas que máis lle obsesionan: a culpa, o rancor, o azaroso e casual dos sentimentos que determinan e condicionan irremediablemente as vidas das persoas.

Da man dun personaxe, que é narrador e testemuña de excepción da vida cotiá dunha familia "normal", descubrimos os segredos e sombras que tinguen de tráxico o que aparentemente é ideal. A súa mestría e criterio á hora de aproximarse a cuestións como a infidelidade, a traizón aos ideais, a reconciliación co pasado (histórico e persoal) e outros moitos asuntos, fan que un se reformule continuamente os seus propios puntos de vista acerca de temas sobre os que cría telo todo claro e xa de paso, estar en posesión da verdade.... É por iso que recomendo esta lectura, para coñecernos un pouco máis e recoñecernos tamén nas pequenas miserias das que nos gustaría renegar, pero que nos caracterizan como especie…

Eva Santaolalla Bejarano, Profesora de Bioloxía

A BIBLIOTECA RECOMENDA....

Un thriller cheo de asesinatos polas rúas da Coruña: Lonzas, Paseo Marítimo, Parque de Eirís, Mera... son os escenarios onde Valentina Negro, a policía protagonista, leva a cabo as súas investigacións para descubrir ao asasino en serie que ten aterrorizada a cidade. Non podes deixar de coñecer o estilo trepidante da escritora coruñesa Nieves Abarca.

Unha película que non ten mais pretensións que **facer rir**. Uns pais resignados a ter unha familia diferente e algo tola. Perfecta para ver en familia.

NOVO HORARIO DA BIBLIOTECA

No terceiro trimestre, ampliamos o horario de apertura da biblioteca.

Agora a biblioteca está a dispor dos usuarios dende as 8:30 ata as 14:10. Ademáis abriremos todas as tardes, agás o venres.

Agradecemos nos fagades chegar calquera suxerencia relacionada coa biblioteca, o boletín ou propostas de mellora para todos os usuarios.

Equipo da Biblioteca

biblioviva@ulaboral.eu